

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no Diario Oficial de Galicia)	

SUMARIO:

Resolución do 7 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se procede á adxudicación definitiva dos destinos provisionais para o curso académico 2017/18 entre o persoal docente pertencente aos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia; a quen resulta desprazado por falta de horario, ao persoal que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación familiar; ao persoal opositor, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.

TEXTO:

En aplicación do disposto na base trixésimo primeira da Orde do 13 de xuño de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* do 26 de xuño), pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2017/18 entre o persoal docente pertencente aos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro.- Adxudicar os destinos provisionais obtidos para o curso 2017-2018 que figuran no anexo desta resolución, ao profesorado referido anteriormente.

Esta resolución farase pública no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, www.edu.xunta.es, e no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo.- A toma de posesión non poderá supoñer interrupción na prestación de servizos para o profesorado interino con nomeamento en vigor sempre que sexa nomeado desde o inicio do curso 2017/18.

Non obstante o anterior, no caso das comisións de servizo, os efectos serán do día 15 de setembro de 2017, sen prexuízo de que as comisións de servizo do profesorado que proceda de fóra da Comunidade Autónoma e do procedente do estranxeiro teñan efectividade do 1 de setembro de 2017.

Para o persoal en prácticas e o persoal interino sen nomeamento en vigor, os efectos económicos e administrativos serán do día 15 de setembro de 2017.

Terceiro.- Os nomeamentos serán remitidos ao seu enderezo de correo electrónico.

Cuarto.- Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente, de conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Quinto.- Esta resolución terá efectividade dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no enderezo electrónico www.edu.xunta.es.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

INSÍRASE NO DOG

